

Día da Paz

CEIP Milladoiro. Xaneiro de 2013

Lemos en PAZ

Con motivo da celebración escolar do Día da Paz, os equipos de Biblioteca e NL propoñen as seguintes actividades:

Desde o Luns 21 ao Martes 29:

Lectura do profesorado nas aulas (seguindo o calendario habitual da HL) segundo o seguinte planning:

	EI 3	EI 4	EI 5	1º	2º	3º	4º	5º	6ºA	6ºB
L (21)	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
M (22)	2	3	4	5	6	7	8	9	10	1
Mc(23)	3	4	5	6	7	8	9	10	1	2
X (24)	4	5	6	7	8	9	10	1	2	3
V (25)	5	6	7	8	9	10	1	2	3	4
L (28)	Marce	Marce	Marce	9	10	1	2	3	4	5
M (29)	6	8	9	Marce	Marce	2	3	4	5	1

Os números correspondentes cos libros escollidos son:

- 1.- Wangari
2. La bibliotecaria de Basora
3. A guerra dos números
4. Palabras máxicas
5. Orelas de bolboreta
6. Sacapenas
7. O segredo de Flora
8. Recetas de lluvia y azúcar
9. La ovejita que vino a cenar
10. La escuela secreta de Nasrim

O funcionamento é simple: os libros estarán nun andel da biblioteca. O luns (21) cada profesor collerá o que ten asignado e lerallo aos seus escolares na HL. Ao rematar pasarállo xa á aula onde teña que ser lido no seguinte día. Se o facemos así, evitaremos andar buscando polo libro na HL do seguinte día.

Nada impide que o profesor prepare a lectura con anterioridade e “anime” o texto como considere oportuno.

O Luns 28 (para EI) e o martes 29 (para o 1º ciclo) proxectaremos na Biblioteca o audiovisual “Marce o carteiro”

O Mércores 30, Día da PAZ, seguiremos o calendario que nos indique a XE para os actos colectivos nos que cantaremos xuntos.

Comidas e menciñas para a PAZ

Prepararemos, como exercicio de aula e seguindo o modelo dos texto instructivos, un medicamento ou unha receita de cociña que provoquen a PAZ.

Cada profesor/a escollera cal é o modelo que quere propoñer e cada escolar fará un.

Esquema para receita de cociña:

1. Título
2. Debuxo do prato xa feito
3. Ingredientes
4. Preparación

Esquema para medicamento:

1. Nome
2. Debuxo do medicamento
3. Indicacións (para que se toma)
4. Composición (componentes expresados en mg)
5. Posoloxía (dose segundo as idades)
6. Containdicacións (quen, ou en que casos, non o pode tomar)
7. Efectos secundarios (que pode provocar ademáis)

En ámbolos dous casos, convén visualizar previamente algúns modelos para usar o vocabulario máis acaído.

Cada escolar fará a súa creación nun folio (horizontal) Posteriormente todos xuntos serán encadernados dando forma ao noso **Libro de receitas para a PAZ.**

Con esta actividade, ademáis dos obxectivos xa explicados, daremos comezo ás actividades do *Contrato-Programa* no referente á Lingua, que como sabedes solicitamos a finais do curso pasado e foinos concedido.

Ademási, faremos unha selección de lecturas sobre o tema que, coma decote, estará á vosa disposición na Biblioteca.

P.D.- Sembramos que os libros que estamos expurgando poden levalos os escolares coma agasallo sen ningún outro trámite máis que o de escollelo. Están nos andeis de *Libros para adoptar*, no exterior da biblio.

Pódense ver algúns exemplos de menciñas elaboradas polos escolares en:

<http://malpicamil.blogspot.com.es/2009/02/medicamentos-maxicos.html>

Tamén o libro nº 8 pode aportar algunha idea canto aos ingredientes.

EB e EDL
Xaneiro de 2013